

ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE

Na estrada nunca sabemos cando podemos sufrir un contratempo, e as súas consecuencias poden ser máis ou menos graves en función das decisións e actuacións que adoptes nese preciso momento.



Por este motivo, é de vital importancia que teñas claras unha serie de pautas de actuación no caso de que te vexas implicado/a nalgunha emerxencia.

QUE FACER EN CASO DE ACCIDENTE?

Nin ABS, nin ESP nin DSG. A sigla máis importante para a seguridade é esta: PAS. E que significa esta sigla?

Protexer → Avisar → Socorrer

- **Protexer** → A nós mesmos e aos posibles afectados, tratando de evitar novos accidentes.
- **Avisar** → Aos servizos de emerxencia se fose necesario, chamando ao 112.
- **Socorrer** → Despois dos pasos anteriores, debemos axudar as posibles vítimas, sempre en función dos nosos coñecementos e capacidades.

É unha regra básica que vale para calquera incidente, de modo que é moi importante que a memorices.

A REGRA PAS, PASO A PASO

1) Diríxete a un lugar seguro se podes mover o vehículo, preferentemente fóra da vía, e sinaliza a túa manobra para non sorprenden os demais condutores. Unha vez detido, acende as luces de emerxencia.

2) Protéxete e fai que te vexan. Antes de saír do coche, pon o chaleco, que é recomendable ter sempre á man. Debes utilizalo tanto de día como de noite e tomar sempre as máximas precaucións.



3) Fai visible a situación. Coloca os triángulos reflectores para advertir o resto de condutores. Para iso, camiña cos triángulos reflectores diante do teu corpo e sitúa un deles 50 m antes da escena (conta cincuenta pasos longos).

Se a vía é de duplo sentido, pon outro 50 m por diante do vehículo. Colócaos de modo que os demais condutores poidan velos con facilidade.



4) Avisa os servizos de emerxencia e procura facilitarlles a seguinte información:

- O lugar onde se produciu o accidente, coa maior exactitude posible: nome da vía, punto quilométrico e sentido, referencias claramente visibles...
- O número de feridos, así como o estado de cada un deles.
- Se existen persoas atrapadas nalgún vehículo.

Lembra identificarte e non colgar até que cho indiquen.



5) Asiste as vítimas segundo os teus coñecementos e habilidades. Ninguén pretende que actúes como se foses médico/a. Ti só tenta manter a calma e segue estas simples instrucións:

- Non movas as vítimas e evita que o fagan outros, salvo perigo de morte inminente.



- Non retires obxectos que puidesen estar cravados para non provocar unha hemorraxia.



- Abrega a persoa ferida se está inconsciente ou ten frío.



- Non lle deas de beber ou comer nin lle administres medicamentos.
- Espera a que cheguen os servizos de emerxencia.

E lembra

As consecuencias dun accidente poden ser máis ou menos graves en función das decisións e actuacións que adoptes nese momento.

É moi importante que teñas moi claros os pasos que cómpre seguir e a orde en que dalos!

© FREMAP

Ctra. de Pozuelo n.º 61
28220 Majadahonda (Madrid)

RECOMENDACIONES DE SEGURIDADE VIARIA: ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FREMAP

*Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades
Profesionales de la Seguridad Social Número 61*

 MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL	SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL DIRECCIÓN GENERAL DE ORDENACIÓN DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Plan General de Actividades Preventivas de la Seguridad Social 2015	